


CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avda. Álvaro Cunqueiro, n.º 24 · 27780 F O Z (Lugo)

Teléfonos 982 140 027 - 982 140 251 - Fax 982 141 600 - C.I.F. P-2701900-I



Notifícolle que a Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria celebrada o día 15 de Marzo de 2005, entre outros adoptou o seguinte acordo:

1º.-URBANISMO: LICENCIAS DE OBRAS.-

LICENCIAS DE OBRA MAIOR:

-Solicitud de **Construcciones OS MOLINEROS S.L.**, con enderezo en Rúa Salvador de Madariaga nº 1-Entlo. D de Foz, na que solicita en data 22-02-2005 (RE 733) licenzia municipal para construción dun edificio de vivendas en Rúa Trapero Pardo s/n, aportando a seguinte documentación:

-Proxecto básico e de execución para construción de edificio de 64 vivendas en Rúa Trapero Pardo e Paseo Marítimo (Prolong. Rosalía de Castro)-Foz (Lugo), redactado polo Arquitecto D. José Luis Eimil Trasancos e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia.

-Xustificante de ingreso na Recaudación Municipal de 76.944,52 Euros.

-Xustificante de depósito de fianza por importe de 25.646,00 Euros.

-Estatística de edificación e vivenda.

-Nomeamento de D. José Luis Eimil Trasancos como Arquitecto Director facultativo das obras.

-Nomeamento de D. Juan José Fernández García como Aparellador Director de Execución Material das obras.

-Informe favorable emitido polo Aparellador Municipal en data 11-03-05 obrante no expediente, no que fai constar que *no Estudio de Detalle o número de sótanos á Rúa Paseo Marítimo era de un e no proxecto realízanse tres, así como que as plantas baixo rasante a efectos de Medición Xenérica por número de plantas NON COMPUTA (apartado 3.4.3 de NNSS), así como non computa a efectos de superficie de teito edificable (apartado 3.5.2 de NNSS).*

Á vista do exposto polo que suscribe informábase en sentido favorable a concesión da licenzia con arreglo ás seguintes condicións:

1. Os planos considerados como válidos son os presentados en data 07-03-2005, con número de entrada 981 e con visado dos mesmos polo Colexio de Arquitectos en data 03-03-2005.

2. O espazo de cesión de 192 m² entendemos débese de ceder, por unha parte, totalmente urbanizado a cargo do promotor e previa aprobación do preceptivo proxecto de urbanización por parte do Concello e, por outra parte, sen reserva de aproveitamento urbanístico en plantas baixo rasante.


3. O aproveitamento total computable será máximo de 4954,24 m², tal como se fai constar polo Arquitecto Autor do proxecto.

4. Baixo cuberta destinarase ó uso previsto en proxecto e en ningún caso será vividero.

5. Os sótanos/semisótanos non sobresaírán máis de un metro en calquera das rasantes.

6. Realizarase a urbanización do espazo de cesión como se indica no apartado 2.

Prazos: comezo 1 mes e remate 24 meses e tempo máximo de interrupción das obras de 6 meses. Comprobarase o replanteo previo ó comezo das obras e previa petición do mesmo por parte do interesado. Colocarase un cartel de obra no que se reflexe o nome e apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos a que se destina a construción, data de aprobación da licenzia, prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e número de expediente, elo a tenor do disposto no artigo 17.3 do Decreto 28/1999, de 21 de Xaneiro, no que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenrolo da Lei do Solo de Galicia. Ó remate das obras, e en calquera caso como requisito previo á solicitude e obtención da licenzia de primeira utilización, deberase presentar a seguinte documentación:



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avda. Álvaro Cunqueiro, n.º 24 - 27780 F O Z (Lugo)

Teléfonos 982 140 027 - 982 140 251 - Fax 982 141 600 - C.I.F. P-2701900-I

a) *Orixinal da acta de recepción a que se refire o artigo 6 da Lei 38/1999, de 5 de Novembro, de Ordenación da edificación, coas especificacións e documentación determinadas no apartado 2º do citado artigo.*

b) *Certificado final de obra, suscrito polo director de obra e por director de execución da obra.*

Á vista do coste final de execución material da obra, polos servizos municipais de Recaudación efectuarase a liquidación definitiva dos tributos municipais de aplicación.

Nas condicións anteriores, non existe inconvincente na concesión da licenza solicitada".

Enterada a Xunta de Goberno Local, acorda por unanimidade conceder a Construcciones Os Molineros S.L. licenza municipal para construción de edificio de vivendas en Rúa Trapero Pardo s/n de Foz, dacordo có proxecto básico e de execución redactado polo Arquitecto D. José Luis Eimil Trasancos, có estricto cumprimento dos termos, prazos e condicións reflectidos no informe emitido polo Aparellador Municipal en data 11-03-05, có recordatorio expreso de solicitar e realizar antes do comezo das obras o replanteo das mesmas.

RECURSOS:

Contra o referido acordo poderá interpoñer potestativamente ante a Xunta de Goberno Local recurso de reposición, no prazo dun mes, a contar dende a notificación deste escrito.

Contra a resolución expresa do recurso de reposición poderá interpoñer o contencioso administrativo nos termos e condicións sinalados na Lei da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da notificación. O prazo para interpoñer este recurso será dun ano dende a data de interposición do de reposición, se a resolución deste non fose expresa.

Asimesmo, advírteselle que tamén poderá utilizar calquera outro recurso se o considera oportuno.

Foz, 22 de Marzo de 2005.-

O Secretario Accidental, Asdo, D. Manuel Rodríguez Luaces.-



Recibín